

6 *Review*

**BALTRUSCH,
Burghard; PÉREZ
DURÁN, Gabriel;
e SARTINGEN,
Kathrin eds.**

München: Martin
Meidenbauer, 2010. 406 pp.
ISBN 978-3-89975-211-3

*Soldando Sal:
Galician Studies
in Translation &
Paratranslation*

**Pere Comellas
Casanova**
Universitat de Barcelona

*Tradución do catalán de
Ana Escourido*

Soldando Sal: Galician Studies in Translation & Paratranslation ten ‘unha intención de prospección’ (24) no ámbito dos estudos galegos sobre a tradución e a paratradución. Unha parte importante da introdución está dedicada á delimitación do campo de estudo. Por tradución os editores entenden non só a ‘simple translación dun texto dende unha determinada lingua cara á outra, senón [...] a peza chave que permite converter os sistemas culturais en permeables, mesturados e despois mestizos’ (11). Na intención dos editores os estudos sobre a tradución van máis alá dunha simple adscripción ao famoso xiro cultural e vólvense case sinónimo de estudos culturais. Aínda máis: ‘o composto tradución & paratradución podería servir, incluso, para describir e explicar procesos relevantes para algunhas ciencias exactas’ (nota 13). Por paratradución os editores entenden ‘a totalidade dos elementos e procesos que circundan e condicionan unha tradución’ (19). Se partimos dun concepto de tradución tan amplo, ‘a paratradución podería ser concibida [...] como un *interface* entre linguaxe e realidade ou, incluso, entre consciencia e natureza’ (21) e incluiría calquera fenómeno de transposición en ámbitos translingüísticos e extralingüísticos, pero tamén transculturais, así como calquera aspecto relacionado co contexto destas transposicións. De maneira que se trataría, de feito, dun

BALTRUSCH, Burghard;
PÉREZ DURÁN, Gabriel; e
SARTINGEN, Kathrin eds
*Soldando Sal: Galician
Studies in Translation &
Paratranslation*
Pere Comellas Casanova

paradigma epistemolóxico que substituiría o paradigma do suxeito polo de 'proceso tradutivo' (21). Como tal, esta proposta teórica podería dar lugar a 'unha posibilidade real de superar o abismo que separa as dúas culturas das ciencias e das humanidades' (18). Os editores son conscientes dos diversos perigos que implica unha proposta tan ambiciosa e por iso recomentan 'duplicar o rigor crítico e ser consciente de que un campo de investigación como o do par da tradución & paratradución [...] resulta moi volátil e pode aumentar de forma insostible' (22). Logo de ler o libro preséntanseme xustamente dúas dúbidas relacionadas con esta prevención: por unha banda, non é evidente que a perspectiva epistemolóxica dos editores sexa asumida polos diferentes autores. Por outra, a heteroxeneidade dos textos agrupados fai pensar nunha certa inflación do criterio de delimitación do campo de estudo. Cómpre recoñecer, malia a todo, que os editores se curan en saúde: o título escollido, *Soldando Sal*, fai precisamente referencia á sutil e delicada articulación que supostamente establecen todos os traballos cunha 'certa comprensión das metamorfoses dos elementos culturais' (24). Neste sentido a soldadura dos traballos presentados seméllame demasiado tenue. Por esta razón, coido que *Soldando Sal* contén como mínimo dous libros diferentes, ambos os dous ben interesantes e suxerentes, pero en todo caso pouco vinculados. Por unha banda, o volume contén un conxunto de traballos que fan referencia a fenómenos de tradución e paratradución propiamente ditos, é dicir, fenómenos que teñen unha relación clara coa transposición e os seus elementos contextuais. Por outra banda, contén un conxunto de traballos sobre a proxección cultural galega, que soamente podemos considerar relacionados cos estudos sobre a tradución no sentido en que o transplante dunha cultura (sexo vía emigración, sexo vía promoción exterior) implica unha adaptación a un novo hábitat que poderíamos entender como un fenómeno translativo pero que, ao meu parecer, non sempre é enfocado como tal polos autores.

No primeiro conxunto de artigos, que forma un todo relativamente homoxéneo, inclúense os capítulos dedicados a estudos sobre tradución dende unha definición máis restrinxida ou, se se quere, máis tradicional. En 'A paratradución, entre a ideoloxía e a tradución', Xoán Manuel Garrido Vilariño parte dun elocuente exemplo de tradución ao inglés, francés e castelán dun fragmento de Primo Levi para poñer en evidencia os diferentes tipos de manipulación aos que se someteu o texto co fin de encaixalo nunha determinada sociedade e momento histórico. Ana Luna Alonso, no capítulo 'A crítica da literatura traducida nas páxinas culturais da prensa', fai unha excelente achega a un campo que precisa de moitas: a crítica de traducións. A autora analiza comentarios críticos de obras literarias traducidas aparecidas na prensa cultural e constata que en boa parte a avaliación da tradución prescinde completamente do texto de partida, o cal mostra que soamente é valorada e entendida no marco do sistema cultural de chegada. Ademais, 'emítense xuízos de valor imprecisos, subxectivos, con pouco ou nulo fundamento e baseados en presuposicións persoais que tenden a ser implícitas en lugar de explícitas' (129). O capítulo 'De cara a *Forever in Galicia* no marco actual da literatura galega traducida ao inglés' é un inventario das traducións literarias do galego ao inglés. Axudados por unha morea de entrevistas persoais de grande interese, Olga Castro Vázquez e Craig Patterson poñen en evidencia a escasez de literatura galega traducida e investigan os mecanismos (a miúdo circunstancias singulares ligadas a persoas concretas) que fixeron posible as traducións existentes. Se ben calificaría de optimista o potencial subversivo que os autores outorgan

BALTRUSCH, Burghard;
PÉREZ DURÁN, Gabriel; e
SARTINGEN, Kathrin eds.
*Soldando Sal: Galician
Studies in Translation &
Paratranslation*
Pere Comellas Casanova

á tradución, o artigo contén información útil e apuntamentos críticos aclaratorios, como a constatación de que as fusións editoriais prexudican a tradución de literaturas minoritarias. En ‘A literatura brasileira traducida en España no século XIX ó catalán, español, éuscaro e galego’, Áurea Fernández Rodríguez presenta un inventario con pretensións de exhaustividade e conclúe que a ‘pouco nutrida’ lista de traducións do portugués brasileiro non chega a ter ‘un papel no sistema literario’ (230). O capítulo ‘O papel normalizador da tradución e dobraxe dos produtos sudamericanos’ de Xoán Montero Domínguez é o único dedicado á dobraxe. Nel estúdanse as telenovelas hispanoamericanas emitidas na TVG e fórmulanse algúns dos problemas da tradución do xénero. O autor atribúelles un potencial normalizador importante, pero presenta un problema típico de linguas minorizadas: a reticencia a introducir o galego en xéneros considerados menores como a literatura rosa e a telenovela. ‘Funcións da tradución editorial en Galicia’ de Liliana Valado tamén cuestiona o papel da tradución, neste caso literaria, na normalización do galego, e observa a carencia de planificación malia ser esta unha actividade parcialmente subvencionada e por tanto susceptible de ser fiscalizada polo poder público. Finalmente, o capítulo colectivo ‘A Biblioteca Dixital da Tradución (1980-2005): o observatorio da tradución literaria ao/do galego’ e ‘A elaboración terminolóxica do galego, a propósito da tradución científica na área da xenética’ de Iolanda Galanes Santos presentan ferramentas fundamentais para a tradución. No primeiro caso, explícase o proxecto de Biblioteca Dixital da Tradución ao e dende o galego, sen dúbida unha base de datos de grande utilidade para a investigación. No segundo, a partir dalgúns exemplos de tradución de obras especializadas en xenética, reflexiónase sobre a problemática terminolóxica dunha lingua como o galego e expónse cuidadosamente o proceso de toma de decisións nesta área. Novamente, ponse en evidencia o importante papel da tradución na normalización lingüística, neste caso na planificación do corpus.

O segundo conxunto de traballos incluíría aqueles traballos que se achegan á proxección exterior da cultura galega. A sección ‘Traducindo Galicia para o mundo’ inclúe tres artigos que fan referencia á proxección exterior —necesaria, segundo estes autores— da cultura galega. ‘Recoñecer que existimos’ de Rosa Aneiros é máis unha proposta ca un estudo. A autora parte da convicción de que a cultura galega ten elementos máis que suficientes para espertar o interese internacional e pregúntase: ‘Como é posible que tendo tantas oportunidades esteamos onde estamos e non no epicentro cultural do mundo?’ (43). A través dunha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades), técnica que provén dos estudos empresariais e de mercado, Aneiros debuxa as liñas de actuación de futuro para se situar nese epicentro cultural. Porén, a miúdo o artigo semella propoñer a proxección exterior máis ben como un camiño cara á proxección interior, é dicir, cara á superación da minusvaloración que sofre a cultura galega entre certos colectivos da mesma Galicia. Porén, a autora nin explicita as razóns polas que é desexable estar no epicentro cultural do mundo, nin cuestiona a existencia dese epicentro, ao cal, por definición, soamente acceden unhas poucas culturas. No capítulo ‘A para/ tradución cultural: Galiza e a Lusofonía’, Burghard Baltrusch reflexiona sobre a relación entre Galicia e os espazos lusófonos. Por un lado, o autor aposta por lle outorgar a Galicia un papel artellador entre os grandes bloques da Lusofonía e da Hispanidade. Por outro lado, propón un modelo de asociación postcolonial e postnacionalista. Segundo o autor, para Galicia

BALTRUSCH, Burghard;
PÉREZ DURÁN, Gabriel; e
SARTINGEN, Kathrin eds
*Soldando Sal: Galician
Studies in Translation &
Paratranslation*
Pere Comellas Casanova

‘a asociación á Lusofonía significaría apropiarse por vez primeira da propia historia para nela transcreer a súa contemporaneidade’ (67), libre de lastre colonial e con capacidade de achegar un ‘transnacionalismo capaz de reinventar un discurso nacional “miscíbel” con formas alternativas de vontade colectiva’ (69). Baltrusch esboza un proxecto de reformulación identitaria que permitiría ‘mudar o sentimento de padecer un “ser atravesado por” pasando a unha actitude activa de tomar as rendas’ (72). O problema desta proposta (como recoñece o mesmo autor) é que a Lusofonía non é hoxe ese desexado espazo de unión de vontades libres e transnacionais, senón a cobertura cultural con trazos imperialistas dunha asociación de estados-nación. En ‘Un lugar no mundo’, Agustín Fernández Paz reivindica unha sociedade galega autocentrada —na que o galego non sexa un elemento invisibilizador senón todo o contrario— dende onde exercer a universalidade cultural. Insiste na posición privilexiada, estratéxica, da cultura galega, cun pé en Europa e outro en Latinoamérica, e ao mesmo tempo na súa singularidade, o que lle dá un valor creativo único. O autor propón un sistema de intercambio cultural horizontal baseado na creatividade que é posíbel grazas á tradución. Por último, catro traballos da sección ‘Tradución e cultura’ achéganse aos contextos migratorios. No capítulo ‘Gallegos en la mirada del joven documental cubano’, Astrid Santana analiza a representación dunha cultura transplantada, a galega en Cuba, no xénero documental e lémbra-nos que ‘en el espacio americano la emigración se constituyó en una abanderada de las reivindicaciones nacionales’ (244). No capítulo seguinte ‘Testemuño e transculturación. Hibridacións culturais en *Gallego* de Miguel Barnet’, José F. Colmeiro afirma que a experiencia da emigración desafia ‘a idea monolítica de identidades culturais e nacionais como esencias puras, fixas e sempre preconstruídas’ (251), e exemplifícao cunha análise —sobre a base de conceptos da crítica postcolonial como a teoría da transculturación de Fernando Ortiz e a idea do terceiro espazo de Homi Bhabha— da novela *Gallego*, do escritor cubano Miguel Barnet. Colmeiro sostén que a obra, en si mesma unha ‘hibridade narrativa’, reflicte a construción dunha certa identidade cubana a partir do testemuño dun emigrante galego, Manuel. Sobre esta base propón un modelo identitario fluído, permanentemente inacabado e mestizo, que sería ‘máis democrático[o] e máis realista que calquera noción nostálgica de pureza racial e étnica’ (254). O problema —que o autor recoñece implicitamente, xa que fala do modelo como relativamente utópico— é que o feito, incuestionable, de que as culturas son mestizas de seu e sempre están en construción non implica necesariamente que sexamos conscientes, e que o desprazamento, a migración, pode mesmo provocar representacións estereotipadas e escleróticas da cultura de orixe. Os capítulos “‘Voulez-vous danser avec moi, ce soir?’”: A música galega na asociación *A Nosa Casa Galiza* de París’ de Olga Fernández Nogueira e ‘Gaiteiros galegos na emigración en América’ de Bieito Romero tratan en certa maneira desta cuestión: formulan a importancia que a música tivo e ten entre as comunidades emigradas de orixe galega como vínculo emocional e como significado identitario. Estes textos mostran que a emigración engade trazos esencialistas a elementos como a gaita e a muiñeira. De feito, estereotípanse certos elementos que no lugar de orixe soportan menos carga identitaria. A hibridación que certamente se produce é a miúdo inconsciente.

Por último, *Soldando sal* contén catro artigos difíciles de encadrar en calquera das dúas liñas fundamentais do libro: ‘A disgregación do discurso

BALTRUSCH, Burghard;
PÉREZ DURÁN, Gabriel; e
SARTINGEN, Kathrin eds.
Soldando Sal: Galician
Studies in Translation &
Paratranslation
Pere Comellas Casanova

ficional (Clarice Lispector e Lois Pereiro)' de Carlos Paulo Martínez Pereiro; 'A linguaxe performática en Antón Reixa, Adolfo Luxúria Canibal e Arnaldo Antunes' de Alberte Valverde Otero; 'Televisão e cultura. Análise da trajetória de duas rvs públicas' de Renata de Paula Trindade Rocha de Souza; é 'Algoritmos de conversão grafema-fonema em galego para sistemas de conversão texto-fala' de Daniela Braga e Xosé Ramón Freixeiro Mato. Este artigo, que pecha o volume, é unha interesante achega á exposición da construción e implementación dun algoritmo de conversión de texto galego a voz, pero na miña opinión está desubicada neste volume. *Soldando Sal* é sen dúbida unha obra valiosa porque nos permite ter unha visión ampla da alta cualidade dos estudos sobre a tradución que actualmente se levan a cabo en Galicia. Porén, a heteroxeneidade é tal que o lector ten a sensación de que, abofé, non é nada fácil soldar o sal.